



COMEDOR CURSO 2020/21

Despois de tanto tempo esperando, por fin podemos comunicar o comezo do servizo de comedor o próximo **LUNS 19 DE OUTUBRO**.

Informamos das novidades para este curso 2020/21 pola necesidade de cumprir co protocolo redactado pola Xunta de Galicia para este servizo.

- Debido a reorganización necesaria por mor do COVID e a saturación do comedor dende hai anos, faranse **tres quendas** de comedor:
1ª quenda comezando as 13.30 h para todo o alumnado de infantil
2ª quenda comezando as 14.15 h para 1º, 2º e 3º de primaria
3ª quenda comezando as 15.00 h para 4º, 5º e 6º de primaria
- Este curso os/as comensais organizaranse por clases e non por cursos. Os/as comensais dun mesmo grupo de convivencia non terán separación lateral entre eles/as, pero si que estarán a 1,5 m do/a compañeiro/a que teñen encarado. Os distintos grupos estarán separados 1,5 m lateralmente, tal e como indica o protocolo da Xunta de Galicia.
- En casos puntuais que non se poda manter dita separación, colocaranse mamparas de metacrilato entre comensais.
- A entrada o comedor, o alumnado fará hixiene de mans e tomara a temperatura. Terán postos fixos para todo o curso co fin de levar un control de contactos entre as persoas usuarias.
- A **recollida do alumnado farase o antes posible**, dentro das circunstancias de cada familia. Alumnado de infantil entre as 14:30 e as 15:30 h, 1º, 2º e 3º dende as 15:00 as 15.45 h e 4º, 5º e 6º entre as 15:30 e as 16:00 h. **As familias non poderán acceder ó centro**. A persoa de control de porta de Arume comunicarase coa encargada de comedor para informar da recollida e o alumnado será acompañado ata a porta.

Dada a especial situación na que vai comezar o servizo de comedor este curso e a saturación do mesmo, vémonos obrigados a **eliminar** a posibilidade de **comensais por días esporádicos** (modificación extraordinaria do funcionamento do comedor debido a situación de pandemia e que foi aprobada polo Consello Escolar).

Lembramos a **obligatoriedade de informar as ausencias** ó comedor por whats app, mail, teléfono ou app antes das 9.30 h do mesmo día da falta.

O antes posible publicaremos as tarifas para este curso, Foanpas aínda está cos cálculos e temos que esperar a que trasladen os números definitivos.

Agradecemos de antemán a vosa colaboración para que este novo curso de comedor funcione da mellor maneira posible. Sabemos que é un servizo moi necesario no noso centro e que a demora no arranque alterou as rutinas de moitas familias.